



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Tras e o anuncio publicado no diario Atlántico, e a publicación no BOP de Pontevedra o 25 de novembro de 2020 das bases e convocatoria para a constitución dunha nova Bolsa de Emprego (3ª) para cubrir os postos de traballo de auxiliar de axuda no fogar.


Transcorrido o prazo de dez días, dende o seguinte á publicación no BOPPO, para a presentacións de instancias, de conformidade coas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 254/2020, de data 12.11.2020, e en virtude do artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, apróbase por Resolución de Alcaldía núm. 641/2020 do 14 de decembro de 2020 a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Unha vez transcorridos os dez días hábiles de prazo para presentar alegacións á listaxe provisional, e dado que non se rexistrou ningunha reclamación e/ou alegación, en uso das facultades que me outorga o art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e normativa concordante, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as neste proceso de constitución da nova bolsa de emprego do SAF:

RELACIÓN DE ADMITIDOS/AS:

PILAR LORENZO RODRÍGUEZ, DNI núm. 36.034.405-Y
Mª DEL PILAR RODRÍGUEZ VIETEZ, DNI núm. 76.913.107-A
BEATRIZ FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI núm. 34.875.766-S
Mª LUZ FERNÁNDEZ MOURE, DNI núm. 76.910.622-L
TANIA FRANCISCO ESTÉVEZ, DNI núm. 35.587.432-S
DANIEL NÚÑEZ VILOR, DNI núm. 34.091.308-H
PAULA RODRÍGUEZ DURÁN, DNI núm. 76.913.926-V
RUTH Mª VILLAR BARREIRO, DNI núm. 36.161.122-Q
Mª JOSÉ FERNÁNDEZ ESTEVEZ, DNI núm. 76.714.731-W
ANA RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, DNI núm. 76.913.733-P
Mª CARMEN VILLA COLLAZO, DNI núm. 36.067.957-R
NURIA VILARDOSA TOMÁS, DNI núm. 38.102.112-J





RELACIÓN DE EXCLUÍDOS/AS: Ningún/ha

SEGUNDO. Publicar a resolución de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios de servizos sociais e na páxina web do Concello, a efectos de posibles recursos contra a mesma.

TERCEIRO. Nomear á comisión seleccionadora, de conformidade co apartado undécimo das Bases que regulan a renovación da Bolsa de Emprego, no que se especifican os requisitos que debe cumprir dita comisión, quedando composta do seguinte xeito:

-Presidenta: María del Mar Sousa Alfaya, Traballadora Social do Concello de Arbo

.-Vogal: Ana María Domínguez Márquez, Técnica de Intervención Familiar do Concello de Arbo

.-Vogal: Sandra Vieitez Pérez, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Arbo

.-Vogal: Manuel Caldas Pérez, Auxiliar Administrativo do Concello de Arbo.

Secretaria: Patricia Hernández Estévez, Secretaria-Interventora do Concello de Arbo.

A referida comisión de selección non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

Ditos integrantes da comisión de selección poderán ser substituídos mediante Decreto de Presidencia por outros empregados públicos acordes coa titulación das categorías que se ofertan, en caso de ausencia, enfermidade ou abstención.

Aos membros da Comisión serán de aplicación as causa de abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CUARTO. Expor ao público a presente resolución de alcaldía cos membros do tribunal cualificador no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, xunto coa listaxe provisional de admitidos e excluídos.

QUINTO. Convocar á comisión seleccionadora para a realización do baremo de cada unha das solicitudes presentadas, unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no presente proceso.

Dado polo Sr. Alcalde, Horacio Gil Expósito, do que eu como Secretaria, dou fe.

O Alcalde, Horacio Gil Expósito.

A Secretaria, Patricia Hernández Estévez.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

